# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP. PLURILÍNGÜE ISIDORA RIESTRA

CURSO: 4º DE ED. INFANTIL

MATERIA: GLOBALIZADA

DATA:14 DE MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

# ÍNDICE


1. **Introdución**
2. **Competencias básicas en 4º Ed. Infantil.**
3. **Contidos do currículo de Ed. Infantil, atendendo ás áreas e a súa correspondencia coas Competencias .**
4. **Avaliación e cualificación.**
5. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
6. **Información e publicidade.**

# 1.INTRODUCIÓN

En consideración ás INSTRUCIÓNS do 27 DE ABRIL DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DO TERCEIRO TRIMESTRE DO CURSO ACADÉMICO 2019/2020, NOS CENTROS DOCENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, que en ningún caso vulnera o contemplado no *DECRETO 330/2099 DE CURRÍCULO (preámbulo, artigos 4, 3.1,6.2,6.4,8.1,8.2,12.2 e anexo I 1.1,2) e a ORDE DE AVALIACIÓN DO 25/06/2009 (preámbulo e artigos 20.3 e 20.5),* marcos legais que atende as características desta etapa baixo a consideración de que:

*“Nesta etapa, máis que en calquera outra, desenvolvemento e aprendizaxe son* ***procesos dinámicos*** *que teñen lugar como consecuencia da interacción co contorno. Cada* ***nena e cada neno ten o seu ritmo e o seu estilo de maduración, desenvolvemento e aprendizaxe****;por iso, a súa afectividade, as súas características persoais, as súas necesidades, intereses e estilo cognitivo deberán ser tamén elementos que condicionen a práctica educativa nesta etapa. Un* ***currículo aberto*** *servirá como instrumento fundamental para dar unha resposta adecuada ao tratamento da diversidade.” Preámbulo Decreto 330/2009, “Os métodos de traballo en ambos os ciclos* ***basearanse nas experiencias, nas actividades e no xogo****, e aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza para potenciar a autoestima e integración social.” (artigo6º.-Áreas de coñecemento).*

Tendo en conta que esta etapa constitúe un tramo formativo que será o referente esencial para o desenvolvemento. Nela, os nenos/as identificaranse progresivamente como persoas individuais, irán adquirindo os instrumentos necesarios para actuar no seu medio inmediato, axustarán de forma progresiva a imaxe de si mesmos e ampliarán as relacións cos iguais, cada vez máis significativas e importantes. Producirase un avance importantísimo no dominio da linguaxe oral, así como na función de regulación e planificación da propia actividade.

Por iso, será preciso integrar os contidos das diferentes áreas ao redor de eixos globalizadores ou integrados tomando como referente o desenvolvemento das competencias básicas. Esta perspectiva integradora partirá dos diferentes proxectos que traballamos ao longo dos trimestres e non está prescrito métodos concretos. O medio de traballo que se impulsou por excelencia foi o **xogo,** a **investigación** e movidos pola **curiosidade** e o **interese** do alumnado.

Debido ao traballo por proxectos, a nosa metodoloxía baséase no interese e curiosidade que presentan os nenos e nenas por ese centro de interese. Apoiándonos na información que aportan as familias e a partir de aí, introducindo os contidos que recolle o currículo de Ed. Infantil, os cales se distribuirán ao longo de todo infantil. Neste nivel de 3 anos, demos prioridade á autonomía persoal e ao control de

esfínteres, xa que non todo o alumnado viña con el adquirido. Despois traballamos a autonomía para por e quitar abrigos, mandilóns, e abotoar. Tamén nas normas e rutinas de aula. E despois en pequenos proxectos e xa no segundo trimestre, comezamos o gran proxecto sobre os osos (partindo de que somos a clase dos osos). Este proxecto pretendía ser a guía para o traballo globalizado e ser nexo de unión para o seguinte e para as saídas propostas. Polo que para realizar esta adaptación da programación de 4º de Ed. Infantil, centrareime nos procedementos que parten dos conceptos, e obxectivos das diferentes áreas de Infantil, e guían o proceso de ensino – aprendizaxe. Comentar ademais, que se realizaron pequenos proxectos, como: marmelo, horta, guacamole... e se participaron en varias actividades propostas desde a Biblioteca, Unesco, Extraescolares....

| COMPETENCIAS BÁSICAS | 2. OBXECTIVOS 4º NIVEL ATENDENDO AOS OBXECTIVOS XERAIS. 1ª Área |
|---|---|
| 1. Comunicación Lingüística<br>2. Matemática<br>3. Coñecemento e interacción co medio físico<br>4. Tratamento da información e competencia dixital<br>5. Social e cidadá<br>6. Cultural e artística<br>7. Aprender a aprender<br>8. Autonomía e iniciativa persoal | 1. Sinalar accións precisas para satisfacer algunhas necesidades básicas de alimentación, descanso, hixiene (5, 6, 7, 8)<br>2. Nomear algúns sentimentos e emocións propios (alegría, tristeza, medo, amor, enfado, rabia) e algunhas situacións concretas que os provocan. (1, 5, 7, 8)<br>3. Identificar os principais trazos físicos e intereses que o caracterizan (1, 7, 8).<br>4. Recoñecer os lugares e momentos nos que desenvolve accións cotiás (1, 2, 3, 5, 7, 8).<br>5. Citar pautas concretas para mellorar algunha calidade persoal (orde, limpeza, alimentación) (1, 5, 7, 8).<br>6. Expresar, por medio de propostas gráficas e de descricións orais, posturas adecuadas e inadecuadas en función de criterios sociais e de saúde (1, 3, 5, 7, 8).<br>7. Explicar, de forma sinxela e clara, os pasos necesarios para a realización de accións cotiás (1, 7, 8).<br>8. Nomear as partes do corpo distinguindo as que utiliza nas súas tarefas cotiás (1, 5, 7,8). |

| 3.Contidos do currículo de Ed. Infantil | | |
|---|---|---|
| **Área**: Coñecemento de si mesmo e autonomía<br>**Bloque**: O corpo e a propia imaxe | Contidos | Procedementos |
| ✓ Exploración do propio corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do propio esquema corporal.<br>✓ Identificación, manifestación, regulación e control das necesidades básicas do corpo.<br>✓ Adquisición de confianza nas capacidades propias.<br>✓ Control progresivo dos propios sentimentos e emocións.<br>✓ Potenciación da construción do esquema corporal a partir das sensacións e das percepcións do propio corpo, en relación e interacción cos datos que a nena ou o neno recibe das outras persoas, do medio e dos obxectos. Vivencia do corpo como un todo para pasar progresivamente a sentir as partes que o integran.<br>✓ Recoñecemento das percepcións sensoriais propioceptivas -que proveñen dos propios músculos e articulacións- e as percepcións extereoceptivas–relacionadas cos campos visuais, auditivos, olfactivos, táctiles, gustativos...-<br>✓ Aceptación da propia imaxe corporal e gozo xogando co seu corpo, desenvolvendo accións e iniciativas individuais e grupais, empregando as posibilidades expresivas do propio corpo –a través de xestos, movementos, xogos, danzas...-<br>✓ Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. | • Trazos na aparencia física: trazos físicos; diferenzas en función da idade, o sexo e a procedencia.<br>• Necesidades básicas, sensacións, percepcións do propio corpo.<br>• Sentimentos e emocións propios e dos outros (alegría, tristeza, medo).<br>• O corpo humano:<br>-Imaxe global. Segmentos principais. Partes da cara. Os sentidos e os seus órganos. Posibilidades e limitacións motoras, sensoriais e expresivas. Referencias espaciais en relación ao propio corpo | • Experimentación de diferentes movementos e desprazamentos. Traballado<br>• Orientación espacio-temporal (Dentro-fóra, enriba-debaixo; primeiro, último...) Traballado<br>• Coordinación dos principais segmentos corporais. Traballado<br>• Identificación das diversas sensacións. Traballado<br>• Establecemento de correspondencias entre as principais sensacións e os órganos sensoriais. Traballado a través dos obradoiros de cociña, pero sen acabar de afianzar.<br>• Identificación dalgúns trazos físicos diferenciais entre o seu corpo e o dos seus compañeiros. Traballado nas rutinas e nos debuxos<br>• Localización de posibles trazos diferenciais que presentan as persoas na súa aparencia física e identificación dalgunhas das transformacións na mesma polo paso do tempo. Pendente de afianzar |

| 3.Contidos do currículo de Ed. Infantil | | |
|---|---|---|
| **Área**: Coñecemento de si mesmo e autonomía<br>**Bloque**: O corpo e a propia imaxe | Contidos | Procedementos |
| ✓ Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.<br>✓ Recoñecemento dos sentidos como medio de expresión, percepción e comprensión do mundo que rodea, e como medio favorecedor do desenvolvemento cognitivo.<br>✓ Observación dos cambios físicos nas persoas ao longo do tempo. Identificación das diferentes etapas da vida valorándoas positivamente.<br>✓ Valoración positiva e respecto polas diferenzas, aceptación da identidade e características das demais persoas, evitando actitudes discriminatorias.<br>✓ Recoñecemento e vivencia das referencias espazo-temporais en relación co propio corpo, cos obxectos, co contorno e coas demais persoas.<br>✓ Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado feminino e masculino. Mantemento dunha actitude crítica ante os estereotipos ofertados a través da publicidade e outros medios de comunicación social. | | • Identificación das características físicas (cor de pelo, de pel, de ollos, estatura), das principais partes da cara e de segmentos corporais. Traballado<br>• Exploración das calidades básicas dos obxectos (texturas, cores, formas, sons, sabores) en obxectos e xoguetes do seu medio próximo. Traballado os aspectos de cores, formas, sons e sabores. Pendente de afianzar os outros apartados.<br>• Expresión a través de diversas modalidades dos sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses. Traballado<br>• Autoclasificación e establecemento de preferencias cara a adornos e obxectos en relación á identidade de xénero.(4) Traballado<br>• Utilización das posibilidades do propio corpo na escenificación de sentimentos, emocións e estados de ánimo. Traballado<br>• Satisfacción das principais necesidades físicas e corporais, cunha progresiva independencia do adulto. Traballado, pero algún dos nenos non teñen adquirido completamente o control dos esfínteres e a autonomía en poñerse o mandilón e abotoarse sós. |

| 3.Contidos do currículo de Ed. Infantil | | |
|---|---|---|
| **Área**: Coñecemento de si mesmo e autonomía<br>**Bloque**: Xogo e movemento | Contidos | Procedementos |
| ✓ Participación nos xogos e na actividade motriz, identificando as súas capacidades e confiando nas propias posibilidades de acción, amosando actitudes de iniciativa e constancia.<br>✓ Gozo co xogo como medio para coñecer a realidade, mantendo unh actitude de axuda e cooperación con iguais e con persoas adultas. Aceptación do xogo como medio de goce e de relación cos demais.<br>✓ Adaptación do ton e da postura ás características do obxecto, da outra persoa, da súa acción e da situación.<br>✓ Satisfacción polo crecente dominio persoal.<br>✓ Aceptación de compromisos, establecendo acordos en consideración á súa persoa, ás outras e ao seu medio, fortalecendo vínculos afectivos -amizade, cooperación, axuda, solidariedade...-. Comprensión, aceptación e valoración de regras para xogar.<br>✓ Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas, partindo do coñecemento e valoración dos xogos propios da comunidade e abríndose ao coñecemento e gozo dos das outras. | • Posibilidades motoras:<br>- Posturas do corpo. Control corporal. Equilibrio. Ton. Respiración. Tensión e relaxación. Actividade, repouso. Desprazamentos<br>• Nocións básicas de orientación no espazo.<br>- Dentro/fóra, arriba/abaixo; diante de / detrás de. Espazos habituais.<br>• Nocións básicas de orientación no tempo.<br>- Tempos de: comer, xogar, descansar, ir ao cole, estar coa familia. | • Exercitación de movementos axustados ás esixencias da situación e aos movemento doutros. Traballado<br>• Aplicación do control no ton, na postura e no equilibrio en diversas situacións de actividade corporal. Traballado<br>• Precisión progresiva dos movementos e desprazamentos nas actividades lúdicas e da vida cotiá. Traballado<br>• Dominio gradual das actividades manipulativas de carácter fino. Traballado, pero precisa afianzarse.<br>• Orientación espacial progresivamente autónoma nos seus medios e desprazamentos habituais. Traballado<br>• Localización espacial de obxectos da súa vida cotiá. Traballado<br>• Estimación da duración dalgunhas rutinas e actividades en relación coas unidades de tempo. Traballado<br>• Identificación de momentos temporais significativos e da súa función básica ao longo da xornada. Traballado |

| 3. Contidos do currículo de Ed. Infantil | | |
|---|---|---|
| **Área**: Coñecemento de si mesmo e autonomía<br>**Bloque**: Xogo e movemento | Contidos | Procedementos |
| ✓ Coordinación progresiva das súas habilidades psicomotrices finas e grosas.<br><br>✓ Adquisición dun maior dominio das súas capacidades corporais: desenvolvemento das habilidades motoras, do control de ton, do equilibrio e da respiración.<br><br>✓ Adquisición de nocións básicas de orientación e coordinación de movementos.<br><br>✓ Potenciación das súas capacidades motoras, de coordinación e de orientación no espazo.<br><br>✓ Exploración das posibilidades perceptivas, motrices e expresivas propias e das demais persoas, amosando iniciativa para aprender habilidades novas. | • Xogos:<br>- Individuais e grupais. Simbólico e dramático. Con obxectos e xoguetes. Normas que rexen os xogos | • Participación en xogos que esixan movementos e desprazamentos individualmente ou de forma colectiva. Traballado<br>• Manipulación de obxectos e xoguetes implicados nas situacións lúdicas. Traballado<br>• Asimilación das propias posibilidades, desenvolvendo un autoconcepto positivo. Traballado<br>• Identificación das propias limitacións como vía na prevención de situacións perigosas. Traballado, pero debido á curta idade do alumnado é necesario seguir afianzando este aspecto. |

<table>
<tr><th colspan="3">3.Contidos do currículo de Ed. Infantil</th></tr>
<tr><th>Área: Coñecemento de si mesmo e autonomía<br>Bloque: A actividade cotiá</th><th>Contidos</th><th>Procedementos</th></tr>
<tr><td>✓ Regulación do propio comportamento, satisfacción pola realización de tarefas e conciencia da propia competencia.<br>✓ Interese por participar en actividades da vida cotiá, con iniciativa e progresiva autonomía na súa realización, regulando o propio comportamento, para camiñar cara á resolución pacífica de conflictos.<br>✓ Habilidades para a interacción e colaboración, así como unha actitude positiva para establecer relacións de afecto coas persoas adultas e iguais, aceptando a diversidade.<br>✓ Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo. Planificación secuenciada da acción para resolver tarefas.<br>✓ Valoración e gusto polo traballo propio ben feito e polo das demais persoas, buscando os recursos axeitados que lle permitan concluír os proxectos que inicia, sendo quen de solicitar e prestar axuda.<br>✓ Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.</td><td>• As actividades da vida cotiá:<br>○ Tipos de actividades: rutinas, xogos, exploracións, hábitos, tarefas e pequenas responsabilidades.<br>○ Posibilidades e limitacións na realización de actividades e xogos.<br>○ Ámbitos de actividade: O colexio; A casa, As festas; A satisfacción de necesidades; Os xogos.<br>○ Momentos de actividade e descanso.<br>○ Obxectos e útiles vinculados ás actividades cotiás.</td><td>• Identificación das tarefas máis significativas que realiza ao longo do día. Traballado<br>• Discriminación dalgunhas das actividades fundamentais que realizan os membros dos grupos familiar e escolar. Traballado<br>• Exploración dos obxectos e dependencias da casa e do colexio. Traballado<br>• Secuenciación temporal dalgúns momentos significativos da súa vida cotiá. Traballado<br>• Axuste progresivo da propia conduta ás demandas dos outros. Traballado<br>• Asimilación e participación na elaboración de normas básicas de relación e convivencia. Traballado<br>• Lectura de imaxes, signos e símbolos relacionados co medio. Traballado<br>• Expresión de emocións, sentimentos e opinións relacionados coas actividades máis significativas da vida cotiá. Traballado</td></tr>
</table>

| 3.Contidos do currículo de Ed. Infantil | | |
|---|---|---|
| **Área**: Coñecemento de si mesmo e autonomía<br>**Bloque**: A actividade cotiá | Contidos | Procedementos |
| ✓ Recoñecemento progresivo da súa identidade persoal: capacidades, actitudes e coñecementos, aplicándoos nas súas actividades diarias. | ○ Normas de relación, convivencia, coidado e orde.<br>• Expresións orais necesarias na vida cotiá: pedir, dar, preguntar, despedir, saudar e agradecer.<br>• Sentimentos, necesidades e preferencias vinculadas ás actividades máis frecuentes da vida cotiá.<br>• Pasos na realización de tarefas.<br>• Predisposicións na realización de tarefas cotiás e nas relacións cos demais: organización, constancia, atención, iniciativa, esforzo, colaboración e afectividade. | • Comprensión de indicacións e mensaxes básicas vinculadas á vida cotiá. Traballado<br>• Dominio progresivo na utilización de obxectos e espazos vinculados á súa vida cotiá. Traballado<br>• Ordenación de pasos sinxelos na realización de tarefas cotiás. Traballado<br>• Asimilación de posibilidades e limitacións relacionadas co coidado de si mesmo. Traballado e necesita afianzarse.<br>• Aproximación á exercitación de hábitos, iniciativa e esforzo persoal Traballado<br>• Ampliación das relacións afectivas cos demais. Traballado |

| 3.Contidos do currículo de Ed. Infantil | | |
|---|---|---|
| **Área**: Coñecemento de si mesmo e autonomía<br>**Bloque**: O coidado persoal e a saúde | Contidos | Procedementos |
| ✓ Recoñecemento das necesidades básicas do corpo -hixiene, alimentación, descanso...-.<br>✓ Iniciación na práctica de accións e recoñecemento de situacións que favorezan a interacción e adquisición de hábitos saudables como a hixiene corporal e ambiental, a adecuada alimentación, o consumo responsable e o descanso.<br>✓ Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.<br>✓ Petición e aceptación de axuda nas situacións que así o requiran.<br>✓ Valoración da axuda doutras persoas<br>✓ Identificación e valoración de hábitos favorecedores ou non dunha boa saúde.<br>✓ Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados. | • Hábitos para o coidado dun mesmo.<br>○ Hixiene do propio corpo.<br>○ Alimentación.<br>○ Vestido e espido.<br>○ Descanso<br>○ Actividade e xogo.<br>○ Coidado de espazos e obxectos.<br>○ Posibilidades e limitacións<br>• Conducta en relación ás enfermidades, os accidentes e as posibles situacións perigosas. | • Exercitación de hábitos de autonomía vinculados á hixiene de si mesmo e a alimentación adecuada. Traballado e necesita afianzarse<br>• Práctica de habilidades de vestido, espido e abrigado. Traballado e necesita afianzarse<br>• Observación de normas básicas nos períodos de sono e descanso. Traballado<br>• Práctica habitual de xogos motores e actividade física. Traballado<br>• Práctica das normas básicas favorecedoras da saúde, relacionadas coa prevención de riscos e de accidentes. Traballado e necesita afianzase debido á curta idade do alumnado.<br>• Discriminación dalgúns dos efectos contrarios á saúde resultado de prácticas contrarias ao mantemento da saúde. Traballado e necesita afianzase debido á curta idade do alumnado.<br>• Manipulación progresivamente autónoma dos utensilios e espazos relacionados cos hábitos de autonomía. Traballado<br>• Práctica de pequenas tarefas para ordenar e coidar os espazos. Traballado |

| 3.Contidos do currículo de Ed. Infantil | | |
|---|---|---|
| **Área**: Coñecemento de si mesmo e autonomía<br>**Bloque**: O coidado persoal e a saúde | Contidos | Procedementos |
| ✓ Gusto por un aspecto persoal coidado manifestando as súas preferencias estéticas -vestimenta, peiteados, adobíos, coloridos...-.<br><br>✓ Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.<br><br>✓ Fomento de hábitos de prevención de enfermedades e de accidentes domésticos, respondendo con actitude de tranquilidade e colaboración. | • Normas relacionadas:<br>○ De seguridade viaria.<br>○ De contacto cos animais e o medio natural.<br>○ De protección e coidado ante os cambios climáticos.<br>• Espazos, obxectos, útiles e profesións relacionados cos hábitos e o coidado de si mesmo.<br>• Factores de risco e accións preventivas de situacións perigosas | • <u>Diferenciación dalgunhas condutas contrarias ao mantemento da saúde</u>. Traballado, pero necesita afianzarse debido á curta idade do alumnado.<br>• Utilización de obxectos e espazos, segundo unhas normas básica. Traballado |

| COMPETENCIAS BÁSICAS | 2. OBXECTIVOS 4º NIVEL ATENDENDO AOS OBXECTIVOS XERAIS. 2ª Área |
|---|---|
| 1. Comunicación<br>2. Lingüística<br>3. Matemática<br>4. Coñecemento e interacción co medio físico<br>5. Tratamento da información e competencia dixital<br>6. Social e cidadá<br>7. Cultural e artística<br>**8.** Aprender a aprender<br>**9.** Autonomía e iniciativa persoal | 1. Identificar comportamentos adecuados e inadecuados concretos no uso de lugares públicos de uso cotián. (1, 5, 8)<br>2. Distinguir os membros da familia determinando algunhas das súas funcións. (5)<br>3. Recoñecer aspectos puntuais das estacións do ano identificando algúns cambios na vida das persoas (alimentación, vestido). (1, 3, 5)<br>4. Sinalar algunhas profesións do seu medio e ferramentas ou instrumentos básicos que utilizan. (5, 8)<br>5. Utilizar contidos lóxico-matemáticos (correspondencias, seriación) sinxelos en situacións, xogos e tarefas habituais. (2, 3, 5, 7, 8)<br>6. Nomear as actividades desenvolvidas en festas familiares e escolares. (1, 5, 8)<br>7. Establecer correspondencias entre as súas accións e a aparición dun determinado tipo de problema ou conflito no medio escolar. (1, 5, 8).<br>8. Clasificar obxectos a partir das súas características físicas: cor, lonxitude (longo/curto, baixo/alto, lonxe/cerca) e capacidade (cheo/baleiro). (2, 3, 7)<br>9. Distinguir a orixe animal e vexetal dalgúns alimentos. (1, 3)<br>10. Cumprir algunhas normas básicas para o uso dun medio de comunicación presente no medio escolar e familiar. (4, 5, 8) |

<table>
<tr><th colspan="3">3.Contidos do currículo de Ed. Infantil</th></tr>
<tr><th>Área: Coñecemento do contorno<br>Bloque: Medio físico: elementos, relacións e medidas</th><th>Contidos</th><th>Procedementos</th></tr>
<tr><td>✓ Interese pola exploración dos obxectos e materiais presentes no medio recoñecendo as súas funcións e usos cotiáns e mais mantendo unha actitude de respecto e coidado cara a obxectos propios e alleos.<br>✓ Recoñecemento dalgúns atributos e propiedades de obxectos e de materiais, examinando con atención as súas características e a súa aplicación na vida diaria.<br>✓ Interese pola clasificación de obxectos e de materiais e aproximación á cuantificación de coleccións.<br>✓ Identificación de formas planas e tridimensionais en elementos do contorno.<br>✓ Recoñecemento do uso do número na vida diaria e inicio no rexistro de cantidades. Emprego dos números para identificar, contar, clasificar, numerar, informarse e ordenar elementos da realidade sempre en situacións contextualizadas e significativas.</td><td>• Obxectos presentes no seu medio:<br>Tipos: do colexio e da casa., propios de cada estación do ano, ornamentación de rúas, colexio e casa, lúdicos., relacionados cos hábitos, relacionados coas profesións.<br>▪ Funcións dos obxectos máis habituais.<br>▪ Dependencias e tarefas asociadas.<br>• Normas de utilización e coidado dos obxectos.<br>• Propiedades básicas dos obxectos: cor, forma, tamaño, textura, grosor.<br>• Relacións que establecen os obxectos:<br>○ Correspondencias,seriacións clasificacións<br>• Criterios na agrupación de obxectos: semellanzas e diferenzas; pertenza e non pertenza.</td><td>• Aplicación de habilidades manipulativas progresivamente máis precisas na utilización de obxectos presentes na súa vida cotiá. Traballado<br>• Agrupación e comparación de obxectos a partir de características físicas (cor, tamaño, forma...), da súa función básica, do espazo ao que pertence e das súas semellanzas e diferenzas. Traballado, pero necesita afianzarse.<br>• Elaboración de obxectos artísticos e decorativos. Traballado<br>• Creación de obxectos a partir doutros de uso común ou de recuperación. Traballado<br>• Discriminación das normas básicas na utilización dos obxectos. Traballado<br>• Exercitación de hábitos de autonomía, seleccionando obxectos e útiles adecuados. Traballado</td></tr>
</table>

<table>
<tr><th colspan="3">3.Contidos do currículo de Ed. Infantil</th></tr>
<tr><th>Área: Coñecemento do contorno<br>Bloque: Medio físico: elementos, relacións e medidas</th><th>Contidos</th><th>Procedementos</th></tr>
<tr><td>✓ Observación e toma de conciencia da funcionalidade dos números na vida cotiá.<br>✓ Utilización da acción de contar como estratexia para a obtención dun dato numérico e como verificación do resultado de operacións de cálculo sinxelas e funcionais.<br>✓ Proposición e resolución de situacións problemáticas sinxelas da vida cotiá: localizar un dato numérico, facer unha repartición, realizar unha estimación...<br>✓ Utilización de xogos de mesa como actividades lúdicas que unen o razoamento, a reflexión e o divertimento en grupo.<br>✓ Investigación do comportamento físico de diferentes materiais e obxectos, en diferentes situacións e con variadas accións.<br>✓ Achegamento a algunhas magnitudes físicas -peso, lonxitude, capacidade, tempo- a través da estimación: comparando, sopesando, observando...</td><td>• Medidas:<br>○ A medida de lonxitude: longo/curto, baixo/alto, lonxe/cerca.<br>○ A medida de capacidade: cheo/baleiro.<br>• Cuantificadores básicos: moitos/poucos, todos, un/ningún; máis que e menos que.<br>• Unidades de medida: naturais e arbitrarias.<br>• O número:<br>○ A serie numérica: números do 1 ao 3.<br>○ Os primeiros ordinais: 1º a 3º.</td><td>• Familiarización con obxectos menos habituais. Traballado<br>• Utilización de cuantificadores básicos en situacións vinculadas co xogo e a actividade cotiá. Traballado<br>• Correspondencias entre obxectos da vida cotiá. Traballado<br>• Establecemento de seriacións de obxectos en función das súas propiedades básicas. Traballado, pero necesita afianzarse<br>• Asociación dos tres primeiros números a elementos e obxectos cotiáns. Traballado nas rutinas e diferentes tarefas, pero é necesario afianzar a algún neno/a.</td></tr>
</table>

| 3.Contidos do currículo de Ed. Infantil | | |
|---|---|---|
| **Área**: Coñecemento do contorno<br>**Bloque**: Medio físico: elementos, relacións e medidas | Contidos | Procedementos |
| ✓ Recoñecemento e identificación de situacións en que se fai necesario medir. Interese e curiosidade polos instrumentos de medida convencionais e non convencionais facendo unha aproximación ao seu uso.<br>✓ Adquisición progresiva da noción do paso do tempo mediante as actividades da vida cotiá.<br>✓ Orientación temporal en situacións cotiás empreñando diferentes nocións e relacións. Aproximación ao uso do calendario.<br>✓ Establecemento de relacións de orientación espacial de localización, dirección, distancia e posición respecto a obxectos, persoas e lugares, nomeándoos axeitadamente e empregando o vocabulario topolóxico elemental.<br>✓ Exploración lúdica das propiedades e características dalgúns corpos xeométricos elementais.<br>Vivencia, representación e interpretación do espazo, empregando a imaxinación en debuxos, planos, fotografías, mapas ou outros. | • Formas:<br>○ Formas planas: o círculo, o cadrado e triángulo.<br>• Nocións de orientación e posición no espazo:<br>As posicións dos obxectos no espazo e en relación co propio corpo: arriba/abaixo, dentro/fóra, diante/detrás e aberto/pechado | • Estimación de medidas a través de unidades naturais e arbitrarias. Traballado<br>• Identificación de formas e cores en obxectos cotiáns. Traballado<br>• Orientación temporal na realización de actividades e rutinas cotiás. Traballado<br>• Identificación da propia posición, da dos demais e dos obxectos cotiáns a través da asimilación de contidos espaciais básicos. Traballado<br>• Exercitación de habilidades grafomotoras na representación dos números do 1 ao 3. Traballado o número 1 e 2.<br>• Manipulación con material específico de expresión lóxico-matemática (regretas, bloques lóxicos, ábacos, xogos didácticos…). Traballado, pero só bloques lóxicos e xogos didácticos como quebracabezas, dominós, etc. |

| 3.Contidos do currículo de Ed. Infantil | | |
|---|---|---|
| **Área**: Coñecemento do contorno<br>**Bloque**: Achegamento á natureza | Contidos | Procedementos |
| ✓ Identificación e afondamento no estudo dalgunhas características e funcións vitais dos seres vivos empregando a exploración sensorial. Diferenzas entre seres vivos e obxectos inertes.<br>✓ Observación dun ser vivo no seu medio natural ou reproducindo o medio na aula, rexistrando a observación e contrastando os datos entre compañeiras e compañeiros.<br>✓ Observación dalgunhas características, comportamentos, funcións e cambios nos seres vivos.<br>✓ Identificación dalgunhas características, necesidades e cambios nos procesos de crecemento e etapas do desenvolvemento das persoas e outros seres vivos.<br>✓ Curiosidade, respecto e coidado cara aos elementos do medio natural, especialmente animais e plantas. | • Elementos do medio natural<br>Os animais:<br>○ Medio polo que se desprazan: terra, auga e aire.<br>○ Semellanzas e diferenzas físicas<br>○ Formas de alimentación.<br>○ Animais da granxa e de compañía.<br>○ As crías<br>○ Os insectos<br>○ Hábitats; a selva, a sabana. | • <u>Exploración das propiedades básicas de animais e plantas</u>. Traballado pero necesita ampliarse. Grazas á horta e o proxecto<br>• Discriminación das formas de alimentación e dos hábitats dalgúns animais. Traballado a través do proxecto dos osos<br>• <u>Identificación de semellanzas e diferenzas entre o home e os animais.</u> Traballado |

| 3.Contidos do currículo de Ed. Infantil | | |
|---|---|---|
| **Área**: Coñecemento do contorno<br>**Bloque**: Achegamento á natureza | Contidos | Procedementos |
| ✓ Descubrimento das diferentes formas en que se encontra a auga na natureza, comprendendo a súa contribución ao desenvolvemento dos seres vivos e do medio, valorando a necesidade da súa conservación e de facer un uso responsable dela.<br>✓ Identificación dos cambios que se producen en canto á luminosidade, á posición do sol, aos ciclos da lúa... ao longo dun día, dos meses e das estacións do ano.<br>✓ Formulación de hipóteses, contrastándoas coas das outras persoas, buscando respostas e explicacións sobre as causas e consecuencias de fenómenos do medio natural –calor, choiva, vento, día, noite, erosión, ciclo vital...- e dos, muíños de auga...-. | As Plantas:<br>○ Árbores (de folla caduca e perenne)<br>○ Flores<br>○ Froitos, froitas e hortalizas<br>○ A horta, o xardín e o bosque<br>○ Proceso de crecemento<br>• Referentes temporais: o día, a noite, as estacións<br>• Fenómenos meteorolóxicos: o sol, as nubes, o vento, a choiva.<br>• Orixe dos alimentos: animal e vexetal. | • Establecemento de correspondencias entre animais e plantas e os seus productos para o consumo humano. Traballado, pero necesita ampliarse<br>• Discriminación dos trazos básicos das árbores, as flores e os froitos. Traballado, pero é necesario ampliar.<br>• Escenificación dos movementos e sons dalgúns animais. Traballado |

| 3.Contidos do currículo de Ed. Infantil | | |
|---|---|---|
| **Área**: Coñecemento do contorno<br>**Bloque**: Achegamento á natureza | Contidos | Procedementos |
| ✓ Gozo ao producidos pola acción humana - pontes, encoros, aeroxeradores realizar actividades individuais e de grupo en contacto coa natureza. Valoración da súa importancia para a saúde e o benestar, apreciando o medio natural como un espazo para a recreación, a aventura e conservación, a realización de actividades ao aire libre e o contacto con elementos da natureza.<br>✓ Participación en proxectos e investigacións no medio natural, expresando as actividades realizadas e os resultados obtidos mediante diferentes representacións. | • Relacións entre as persoas, os animais e as plantas: Necesidade e utilidade (compañía, alimentación, vestido, traballo, coidados).<br>• Normas no contacto cos animais e as plantas. | • Secuenciación dos pasos básicos de crecemento dunha planta. Traballado na horta, pero é necesario afianzar.<br>• Participación activa en xogos realizados no medio natural. Traballado en festas tradicionais e conmemoracións. |

| 3.Contidos do currículo de Ed. Infantil | | |
|---|---|---|
| **Área**: Coñecemento do contorno<br>**Bloque**: Cultura e vida en sociedade | Conceptos | Procedementos |
| ✓ Identificación da familia e da escola como primeiros grupos sociais de pertenza, valorando positivamente as relacións afectivas que neles se establecen, mantendo unha actitude de colaboración e asumindo pequenas responsabilidades. Recoñecemento e respecto dos diferentes tipos de familias.<br>✓ Valoración das relacións afectivas que se establecen na familia e na escola.<br>✓ Interese e disposición favorable para iniciar relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e nenas doutras culturas.<br>✓ Achegamento ás funcións que cumpren diversas persoas, organizacións e institucións para cubrir necesidades e achegar servizos presentes na súa comunidade, evitando estereotipos sexistas. | • Grupos sociais, espazos e obxectos vinculados:<br>A familia:<br>○ Membros<br>○ Relacións de parentesco (pais, irmáns, avós).<br>○ Lugar que se ocupa na familia.<br>○ Normas básicas de convivencia.<br>○ Funcións e ocupacións.<br>○ Costumes familiares.<br>○ Tipos de casa<br>○ Dependencias da casa (salón, cociña, dormitorio, baño)<br>○ Obxectos e útiles da casa. | • Asimilación de comportamentos e actitudes adecuados en relación ás normas de convivencia básicas dos grupos aos que pertence. Traballado<br>• Exercitación de condutas progresivamente autónomas e pequenas responsabilidades. Traballado<br>• Participación na elaboración dalgunhas das normas elementais de convivencia. Traballado<br>• Discriminación dalgunha das funcións dos membros da familia e a escola. Traballado<br>• Establecemento de relacións de seguridade e confianza cos adultos cos que ten contacto (pais, coidadores, familiares, mestres). Traballado<br>• Relación progresivamente máis rica cos seus iguais. Traballado |

| 3.Contidos do currículo de Ed. Infantil | | |
|---|---|---|
| **Área**: Coñecemento do contorno<br>**Bloque**: Cultura e vida en sociedade | Conceptos | Procedementos |
| ✓ Colaboración co resto de compañeiros e compañeiras na vida da aula, amosando disposición para compartir e resolver conflitos. Incorporación progresiva de pautas adecuadas de comportamento.<br><br>✓ Recoñecemento dalgúns signos de identidade cultural galega apreciando os cambios que se producen no modo de vida co paso do tempo. Sucesos e persoas relevantes da historia da súa comunidade, do seu país e do mundo. | A escola:<br>○ Membros: profesores, compañeiros e persoal non docente<br>○ Funcións e ocupacións de nenos e profesores.<br>○ Normas básicas de convivencia.<br>○ Espazos: a aula, o patio<br>○ Obxectos e xoguetes.<br>• Principais tarefas, funcións e actividades que se desenvolven na familia e a escola.<br>○ Tarefas cotiás de fogar<br>○ Actividades de lecer e recreativas que se realizan coa familia.<br>○ Actividades, xogos e relacións do colexio<br>○ Pequenas responsabilidades en casa e no cole. | • Aplicación de habilidades de autonomía na orientación nos espazos e percorridos habituais e o uso correcto das dependencias. Traballado<br>• Secuenciación das principais actividades cotiás. Traballado<br>• Exploración de obxectos, útiles e xoguetes do colexio e da casa. Traballado<br>• Identificación dos trazos máis significativos do seu medio. Traballado<br>• Diferenciación dalgunhas das características propias da paisaxe rural e o urbana. Traballado<br>• Percepción das modificacións que se producen na paisaxe e nos hábitos de autocoidado co paso das estacións. Traballado |

| 3.Contidos do currículo de Ed. Infantil | | |
|---|---|---|
| **Área**: Coñecemento do contorno<br>**Bloque**: Cultura e vida en sociedade | Conceptos | Procedementos |
| | Primeiros momentos temporais: tempo de lecer, de festa etc.<br>• Trazos principais do medio:<br>○ Propiedades básicas.<br>○ Tipos de paisaxe: rural e urbana.<br>○ O tempo atmosférico.<br>○ Profesións<br>• Trazos principais da comunidade:<br>○ Servizos: transporte, comercio e escola.<br>○ Profesións e as súas tarefas principais: mestre, castañeiro, pasteleiro, xogueteiro, froiteiro, pastor, agricultor, xardineiro, médico, coidador de animais, ciclista…<br>○ Costumes, tradicións e festas.<br>○ Normas de convivencia.<br>○ A seguridade viaria. | • Exploración dalgúns dos servizos básicos (transportes, establecementos comerciais) propios do seu medio próximo. Traballado, necesita ampliarse a outros servizos.<br>• Correspondencias entre profesionais, tarefas básicas e ferramentas ou instrumentos que utilizan. Traballado, pero é necesario ampliar.<br>• Exercitación de condutas responsables relacionadas coa educación viaria e a utilización dos medios de transporte. Traballado, pero necesita ampliarse<br>• Iniciación na lectura das imaxes transmitidas a través dos medios de comunicación e as tecnoloxías da información e a comunicación. Traballado<br>• Participación en actividades relacionadas coas tradicións e as festas e en actividades deportivas. Traballado |

| 3.Contidos do currículo de Ed. Infantil | | |
|---|---|---|
| **Área**: Coñecemento do contorno<br>**Bloque**: Cultura e vida en sociedade | Conceptos | Procedementos |
| | ○ A interculturalidade.<br>○ Os medios de comunicación e as tecnoloxías da información e comunicación como elementos do seu medio. | |

| C. BÁSICAS | 4º NIVEL ATENDENDO AOS OBXECTIVOS XERAIS. 3ª Área |
|---|---|
| 1. Comunicación Lingüística<br>2. Matemática<br>3. Coñecemento e interacción co medio físico<br>4. Tratamento da información e competencia dixital<br>5. Social e cidadá<br>6. Cultural e artística<br>7. Aprender a aprender<br>8. Autonomía e iniciativa persoal | 1. Imitar expresivamente utilizando xestos, movementos e palabras (1, 4, 5, 6, 8).<br>2. Recoñecer a expresión dalgunhas necesidades e estados de ánimo, por medio da linguaxe verbal, corporal e plástica. (1, 4, 5, 6, 8).<br>3. Identificar algúns sons propios do medio social e natural e a causa que os orixina. (1, 3, 4, 5, 7, 8).<br>4. Nomear algúns instrumentos tecnolóxicos moi significativos no medio sociofamiliar e/ou escolar: (ordenador, cámara, reprodutores de son e imaxe). (1, 4, 5, 6, 7, 8).<br>5. Explicar, de forma sinxela, preferencias persoais no relativo a producións audiovisuais (películas, debuxos animados ou videoxogos). (1, 4, 5, 6, 7, 8).<br>6. Identificar calidades básicas dalgunha obra artística analizada no contexto escolar. (1, 6, 7, 8).<br>7. Mostrar curiosidade por algunhas obras literarias infantís (conto, poesía). ( 1, 4, 5, 6, 7, 8).<br>8. Configurar, por medio dunha técnica plástica, visual, obras sinxelas que representen elementos da súa experiencia. (1, 4, 5, 6, 8).<br>9. Distinguir algunhas cancións e/ou melodías recoñecidas relacionándoas co autor e/ou a fonte que as difunde. (1, 4, 5, 6, 7, 8).<br>10. Elaborar obras plásticas sinxelas que mostren a utilización de distintos materiais, trazos, formas e cores. (1, 2, 4, 6, 7, 8). |

| 3.Contidos do currículo de Ed. Infantil | | |
|---|---|---|
| **Área**: Linguaxes: Comunicación e Representación<br>**Bloque**: Linguaxe verbal: Escoitar, falar e conversar | Conceptos | Procedementos |
| ✓ Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos; para adquirir coñecementos; para expresar e comunicar ideas, sentimentos e emocións; para facer peticións e como mecanismo para regular a propia conduta e a das demais persoas.<br>✓ Uso progresivo, acorde coa idade, de léxico variado, aumentando a precisión na busca dunha maior estruturación das súas frases.<br>✓ Participación de forma oral e conversas, narracións, anécdotas, chistes, xogos colectivos e outros, incrementando o vocabulario, empregándoo con crecente precisión, con entoación axeitada, pronuncia clara e usando estruturas oracionais que enriquezan as propias competencias comunicativas.<br>✓ Participación en situacións de comunicación con distintos propósitos, en diferentes contextos e con persoas interlocutoras diversas usando argumentos nas súas conversas, respectando quendas e escoltando atentamente. | • Contidos da comunicación oral<br>○ Mensaxes, textos, Relatos, feitos orais<br>○ Sentimentos, emocións e ideas<br>○ Contidos orais transmitidos polos medios de comunicación e por soportes audivisuais.<br>○ Vocabulario<br>○ Respiración e prearticulación<br>○ Normas básicas que rexen os intercambios lingüísticos<br>○ Necesidades, sentimentos, vivencias, sensacións, gustos e alternativas para a solución pacífica de conflitos | • Comunicación de sentimentos e emocións básicas a través das habilidades da linguaxe oral. Traballado<br>• Participación activa en situacións comunicativas cotiás: diálogos e conversas colectivas. Traballado<br>• Reprodución de relatos sinxelos e acontecementos cotiáns a través da linguaxe oral. Traballado<br>• Exercitación de habilidades de escoita, pronuncia, entoación, prearticulación e sopro. Traballado, pero necesita seguir traballándose debido ás dislalias e ás dificultades de linguaxe que presentan, á hora de expresarse oralmente.<br>• Ampliación progresivo do vocabulario. Traballado<br>• Aproximación a oracións sinxelas. Traballado<br>• Axuste progresivo do discurso ás normas que rexen os intercambios lingüísticos: escoita das achegas dos demais e respecto da quenda de palabra. Traballado<br>• Produción de vocabulario básico e expresións simples en lingua estranxeira. Traballado |

| 3.Contidos do currículo de Ed. Infantil | | |
|---|---|---|
| **Área**: Linguaxes: Comunicación e Representación<br>**Bloque**: Linguaxe verbal: Escoitar, falar e conversar | Conceptos | Procedementos |
| ✓ Acomodación progresiva dos seus enunciados aos formatos convencionais.<br>✓ Emprego axeitado das formas socialmente establecidas para relacionarse coas demais persoas - saúdos, despedidas, fórmulas de cortesía, cumprimentos...-.<br>✓ Interese por participar en interaccións orais en lingua estranxeira, en rutinas e situacións habituais de comunicación, amosando unha actitude positiva cara a esta lingua. | ○ Formas orais socialmente establecidas: saúdos, presentacións, despedidas, agradecementos e peticións de axuda.<br>○ Os sons do medio natural e social máis inmediato.<br>• Situacións comunicativas<br>○ Vinculadas á súa vida habitual: diálogos, conversas, situacións de xogo, rutinas.<br>○ Situacións comunicativas sinxelas en lingua estranxeira<br>○ Normas que rexen os intercambios lingüísticos | • Comprensión de ordes, relatos sinxelos, contos e narracións. Traballado<br>• Descrición dalgunhas das propiedades básicas dos obxectos e persoas cos que ten contacto habitual. Exercitación de habilidades de entoación e xesticulación que apoien o discurso oral. Traballado<br>• Reprodución e comprensión da idea básica que transmiten algúns textos de tradición cultural (contos, poemas, cancións de roda, adiviñas, trabalinguas e xogos de palabras) individual e colectivamente. Traballado<br>• Expresión e ampliación progresiva de formas orais socialmente establecidas para saudar, despedirse, dar as grazas, pedir axuda e presentarse. Traballado<br>• Escoita activa na lectura e narración de textos por parte do adulto. Traballado |

| 3.Contidos do currículo de Ed. Infantil | | |
|---|---|---|
| **Área**: Linguaxes: Comunicación e Representación<br>**Bloque**: Aproximación á linguaxe escrita | Conceptos | Procedementos |
| ✓ Achegamento á lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo a través de soportes diferentes.<br>✓ Interese e atención na escoita de narracións e instrucións lidas por outras persoas.<br>✓ Iniciación no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais.<br>✓ Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. Identificación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. Percepción de diferenzas e semellanzas entre elas atendendo a propiedades cuantitativas –cantidade de letras, palabras longas e palabras curtas- e propiedades cualitativas -variedade de grafías-. Iniciación ao coñecemento do código escrito a través desas palabras e frases empregadas en contextos significativos e funcionais. | • Elementos básicos da lingua escrita:<br>○ Convencións da lingua escrita: linearidade, orientación e organización no espazo.<br>○ Material impreso: gráfico e escrito. Imaxes fixas e en movemento: ilustracións, fotos, imaxes televisivas e informáticas.<br>• Manifestacións propias da lingua escrita:<br>○ Soportes da de expresión: escritas e icónicas.<br>○ Xéneros básicos da literatura infantil. | • Lectura de imaxes transmitidas polos medios de comunicación e as Tics. Traballado<br>• Percepción palabras moi significativas. Traballado<br>• Asociación de imaxes e pictogramas a letras e palabras significativas. Traballado<br>• Expresión da idea básica que transmiten narracións e descricións sinxelas. Traballado<br>• Manipulación de diversos soportes gráficos e escritos. Traballado<br>• Distinción dalgúns dos elementos característicos da organización básica do texto escrito. Traballado, pero necesita seguir traballándose, porque presentan dificultades de prensión e suxeición do lapis.<br>• Realización de trazos de aproximación á lingua escrita. Traballado<br>• Identificación dos elementos principais que transmiten as imaxes fixas ou en movemento. Traballado |

| 3.Contidos do currículo de Ed. Infantil | | |
|---|---|---|
| **Área**: Linguaxes: Comunicación e Representación<br>**Bloque**: Aproximación á linguaxe escrita | Conceptos | Procedementos |
| ✓ Interese e gusto por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos e lexibles. | • Normas na manipulación e a utilización.<br>• As imaxes, os signos e símbolos como medio de comunicación, información e gozo.<br>○ Imaxes fixas: contos , ilustracións, fotos, láminas e carteis<br>○ Imaxes móbiles: debuxos animados, películas cine, publicidade, programas informáticos, imaxes da internet.<br>○ Letras e palabras significativas, | • Diferenciación de información escrita e gráfica presentada a través de diversos soportes. Traballado<br>• Elaboración de imaxes e símbolos para transmitir mensaxes sinxelas. Traballado<br>• Iniciación en habilidades grafomotoras. Traballado |

| 3.Contidos do currículo de Ed. Infantil | | |
|---|---|---|
| **Área**: Linguaxes: Comunicación e Representación<br>**Bloque**: Aproximación á linguaxe escrita. | Conceptos | Procedementos |
| | • Trazos de aproximación á lingua escrita: Grafomotricidade:<br>○ Grafía de números do 1 ao 3.<br>○ Trazos verticais, horizontais, circulares, oblicuos e semicirculares. | |

| 3.Contidos do currículo de Ed. Infantil | | |
|---|---|---|
| **Área**: Linguaxes: Comunicación e Representación<br>**Bloque**: Achegamento á literatura | Conceptos | Procedementos |
| ✓ Escoita e comprensión da lectura en voz alta, realizada por unha lectora ou lector competente de contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas, teatro...; tanto tradicionais como contemporáneas, nas dúas linguas oficiais, e como fonte de pracer e de aprendizaxe compartida.<br>✓ Dramatización de textos literarios, desfrute e interese por expresarse con axuda de recursos non lingüísticos.<br>✓ Memorización e recitado dalgúns textos de carácter poético, de tradición cultural ou de autor, gozando das sensacións que o ritmo, a rima e a beleza das palabras producen.<br>✓ Participación creativa en xogos lingüísticos –encadeados de palabras, adiviñas, trabalinguas, onomatopeas...- acompañados de respostas corporais -xestos, movementos, ritmos...- para divertirse e para aprender na compaña de iguais e de persoas adultas. | ▪ Xéneros literarios: poesía (infantil e de tradición oral), narración (conto e relato), descrición e diálogo.<br>▪ Textos de tradición cultural: contos, relatos, poemas sinxelos, cancións, adiviñas, trabalinguas e sartas.<br>▪ Contos para dramatizar<br>▪ Biblioteca de aula. | • Escoita activa de diversas modalidades propias da literatura infantil. Traballado<br>• Recitado de poesías sinxelas, exercitando o ritmo e a entoación adecuadas. Traballado<br>• Escenificación de textos e situacións orais cotiás. Traballado<br>• Utilización de habilidades extralingüísticas na comunicación de ideas e a evocación de situacións. Traballado<br>• Participación no coidado e utilización da biblioteca de aula. Traballado<br>• Lectura dos elementos máis significativos de imaxes móbiles relacionadas cos medios de comunicación e as Tics. Traballado<br>• Manipulación de material relacionado coa literatura infantil (contos, poesías de tradición oral, cómic…). Traballado<br>• Comprensión básica de narracións, contos e outras mensaxes lidas por un adulto. Traballado |

| 3.Contidos do currículo de Ed. Infantil | | |
|---|---|---|
| **Área**: Linguaxes: Comunicación e Representación<br>**Bloque**: Achegamento á literatura | Conceptos | Procedementos |
| ✓ Interese por compartir interpretacións, sensacións, emocións e opinións provocadas polas producións literarias, iniciándose nos faladoiros literarios.<br><br>✓ Introdución ao uso das bibliotecas de centro e de aula como un medio máis de aproximación á literatura e como espazo privilexiado de recursos para a diversión e o coñecemento. | | • Aplicación dalgúns coñecementos convencionais relacionados coa lingua escrita (posición do libro, paso das follas, postura). Traballado |

| 3.Contidos do currículo de Ed. Infantil | | |
|---|---|---|
| **Área**: Linguaxes: Comunicación e Representación<br>**Bloque**: Linguaxes artísticas: plástica, musical e corporal | Conceptos | Procedementos |
| ✓ Exploración sensorial dos elementos presentes no contorno integrando actividades de tocar, ulir, oír e ver.<br>✓ Potenciación da imaxinación e fantasía do alumnado para enriquecer a actividade creativa.<br>✓ Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica -liña, forma, cor, textura, espazo e volume-<br>✓ Gozo coas obras artísticas distinguindo e apreciando elementos básicos das formas de expresión -cor, forma, liña, movemento, volume, texturas, ritmos, melodías, timbres, entre outros- que lles permitan ás nenas e aos nenos desenvolver a súa sensibilidade estética.<br>✓ Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais, útiles e soportes -papeis, cartón, arame, plástico, teas, cortiza, barro, rasquetas, cepillos, esponxas, pantalla de ordenador, mesa de area, retroproxector, encerado dixital, fotografías....- e das distintas técnicas -debuxo, pintura, collaxe, amasado, modelado, escultura e a combinación de dúas ou máis técnicas...- como recursos e medios de expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías, experiencias... | • Técnicas sinxelas de expresión plástica:<br>○ De pintura: coloreado, estampación.<br>○ De colaxe e papel: cortado en anacos, resgado, pegado, colaxe e mosaico.<br>○ De modelaxe.<br>○ De traballos manuais: maquillaxe, construción, impresión...<br>• Materiais para a expresión plástica:<br>○ Funxibles: ceras, pintura de dedos, plastilina, arxila, papel, pegamento, fariña.<br>○ Non funxibles: punzón, tesoiras, útiles de modelado, persoais… | • Representación de obxectos e persoas presentes no medio ou fantásticos. Traballado<br>• Creación de elaboracións creativas con material de refugallo. Traballado<br>• Exploración das calidades básicas dos obxectos e materiais: cor, forma, textura e tamaño. Traballado<br>• Elaboración de producións plásticas e musicais a través de diferentes materiais e técnicas; expresando con elas feitos, vivencias e desexos. Traballado<br>• Utilización de materiais diversos da expresión plástica. Traballado<br>• Experimentación con cores, trazos e formas. Traballado<br>• Obtención de cores secundarias. Traballado, pero necesita afianzarse.<br>• Exercitación de habilidades psicomotoras xerais e segmentarias (resgar, facer anacos, cortar, pegar, modelar) no contacto con materiais e na elaboración de trazos. Traballado<br>• Iniciación no uso de útiles máis precisos da expresión plástica (o pincel, o lapis). Traballado |

| 3.Contidos do currículo de Ed. Infantil | | |
|---|---|---|
| **Área**: Linguaxes: Comunicación e Representación<br>**Bloque**: Linguaxes artísticas: plástica, musical e corporal | Conceptos | Procedementos |
| ✓ Experimentación e coñecemento das posibilidades de transformación dos diferentes materiais e obxectos.<br>✓ Descubrimento das posibilidades creativas e plásticas da luz, das sombras e da cor, empreñando recursos como a luz natural, lanternas, lámpadas, proxector...<br>✓ Interpretación e valoración de diferentes tipos de obras plásticas presentes na aula, no contorno, en museos e exposicións reais ou virtuais, obradoiros de artistas e persoas artesás manifestando e compartindo a través das diversas linguaxes as sensacións e emocións que producen, así como indicando o que gusta e o que non.<br>✓ Planificación do proceso de elaboración dalgunha obra plástica, o seu desenvolvemento e posterior comunicación, valorando a realización de bosquejos para a consecución dunha melloría na produción.<br>✓ Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais. Utilización dos sons achados para a interpretación e a creación musical.<br>✓ Vivencia do son e do silencio.<br>✓ Recoñecemento de sons do contorno natural e social, e discriminación dos seus trazos distintivos. | ○ De reciclaxe: caixas, envases, papel de xornais e revistas, las, teas, sementes, alimentos, materiais do medio natural.<br>• Producións plásticas: obxectos con material de refugallo, murais colectivos, móbiles, ilustracións, cartóns de felicitación, receitas de cociña, obxectos de modelaxe, obxectos de decoración para a aula.<br>• Cores: azul, amarelo, vermello, laranxa, verde, branco, morado, marrón e rosa.<br>• Mestura de cores. | • Lectura de imaxes e símbolos presentes no medio. Traballado<br>• Localización de sons propios do medio social e natural. Traballado<br>• Imitación de sons do seu medio habitual (de persoas, animais, obxectos, máquinas…). Traballado<br>• Exercitación de prácticas de relaxación, respiración, articulación e entoación. Traballado<br>• Exploración das posibilidades sonoras do propio corpo e da voz. Traballado<br>• Reprodución de sons e ritmos sinxelos co propio corpo, os obxectos cotiáns e os instrumentos musicais. Traballado<br>• Exercitación de movementos e xestos vinculados aos sons. Traballado<br>• Interpretación dalgúns instrumentos musicais e dun repertorio de cancións sinxelas. Traballado<br>• Identificación dalgunhas das calidades básicas dos sons musicais. Traballado |

| 3.Contidos do currículo de Ed. Infantil | | |
|---|---|---|
| **Área**: Linguaxes: Comunicación e Representación<br>**Bloque**: Linguaxes artísticas: plástica, musical e corporal | Conceptos | Procedementos |
| ✓ Creación de secuencias de movementos e ritmos a partir das sensacións que lle xera a música.<br>✓ Audición atenta de obras musicais populares, clásicas e contemporáneas. Participación activa e gozo na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas colectivas e individuais.<br>✓ Creación, mediante a música e o baile, dos propios patróns, recreando situacións, ideas, feitos e sentimentos, mediante o humor, o absurdo e a fantasía, compartindo con outras persoas as propias creacións.<br>✓ Vivencia de xestos e movementos como recursos corporais para a expresión e a comunicación e mais intercambio afectivo.<br>✓ Participación en actividades de dramatización, danzas, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal -mimo, monicreques, teatro de sombras...- colaborando na elaboración dos elementos necesarios para unha ambientación axeitada. | • Os sons:<br>○ Ruído e silencio.<br>○ Sons do medio social e natural, sons de animais, sons musicais.<br>○ Sons producidos por obxectos habituais no seu medio.<br>○ Sons producidos por instrumentos musicais.<br>• Instrumentos musicais: naturais, de pequena percusión, de artesanía infantil.<br>• A voz humana e o canto.<br>• Propiedades dos sons musicais: intensidade e duración. | • Participación en cancións e danzas colectivas. Traballado<br>• Audición dalgunhas pezas básicas pertencentes a distintos estilos musicais: de baile, clásica, de tradición cultural, infantís, de roda… Traballado<br>• Elaboración de instrumentos musicais de artesanía infantil. Traballado<br>• Observación dalgunhas manifestacións plásticas que representan a figura humana. Traballado<br>• Utilización e conservación do material propio da expresión plástica e musical en base a unhas normas coñecidas e respectadas. Traballado<br>• Identificación dalgúns sentimentos e emocións que transmite a música. Traballado |

| 3.Contidos do currículo de Ed. Infantil | | |
|---|---|---|
| **Área**: Linguaxes: Comunicación e Representación<br>**Bloque**: Linguaxes artísticas: plástica, musical e corporal | Conceptos | Procedementos |
| | • Son e movemento (libre e dirixido).<br>• Respiración e sopro.<br>• O ritmo.<br>• Cancións: infantís, panxoliñas e danzas populares e libres, cancións asociadas ás rutinas da actividade cotiá.<br>• Outras producións musicais: xogos musicais e danzas.<br>• Estilos musicais: música clásica, popular, intercultural, infantil, de baile.<br>• Normas básicas na utilización, coidado e clasificado de técnicas e materiais de expresión plástica e musical. | • Exploración das posibilidades motrices e expresivas do propio corpo: movementos, sons, xestos, expresións faciais. Traballado<br>• Planificación da propia acción no xogo simbólico e dramático. Traballado<br>• Aplicación das nocións espaciais en situacións de xogo simbólico e dramático. Traballado<br>• Coordinación de movementos, a diferentes velocidades, nas súas actividades e desprazamentos cotiáns. Traballado<br>• Adaptación da postura ás necesidades da actividade. Traballado<br>• Identificación das principais partes do corpo. Traballado<br>• Imitación de movementos e desprazamentos progresivamente máis complexos. Traballado<br>• Coordinación na manipulación de obxectos pequenos Traballado |

| 3.Contidos do currículo de Ed. Infantil | | |
|---|---|---|
| **Área**: Linguaxes: Comunicación e Representación<br>**Bloque**: Linguaxes artísticas: plástica, musical e corporal | Conceptos | Procedementos |
| | • Sensacións e percepcións do propio corpo.<br>• Sentimentos, emocións e estados de ánimo.<br>• Partes e segmentos corporais.<br>• Posibilidades expresivas e motoras asociadas ao propio corpo: movementos, xestos e expresións faciais.<br>• Expresión corporal en combinación con outras modalidades expresivas (oral, musical, plástica e lóxico-matemática).<br>• Elementos básicos da expresión corporal:<br>○ Movemento (gatear, rodar, deslizarse) e repouso<br>○ Equilibrio<br>○ Respiración<br>○ Relaxación | • Expresión a través das posibilidades do propio corpo de desexos, necesidades, emocións, sentimentos e estados de ánimo. Traballado<br>• Asimilación de nocións de orientación espacial, situación e dirección:<br>○ Dentro-fóra Traballado<br>○ Arriba-abaixo Traballado<br>○ Cerca-lonxe Traballado<br>○ Detrás-diante Traballado<br>○ Enriba-debaixo Traballado<br>• Familiarización con nocións de velocidade (rápido-lento). Traballado<br>• Orientación espacial progresivamente autónoma. Traballado<br>• Manipulación sensorial de persoas, obxectos e materiais. Traballado<br>• Representación de personaxes a partir de diversas fontes (contos, cancións etc.). Traballado |

| 3.Contidos do currículo de Ed. Infantil | | |
|---|---|---|
| **Área**: Linguaxes: Comunicación e Representación<br>**Bloque**: Linguaxes artísticas: plástica, musical e corporal | Conceptos | Procedementos |
| | ○ Ritmo<br>○ Velocidade<br>○ Xestos<br>○ Coordenadas espaciais (orientación e dirección)<br>• Xogo simbólico e dramático.<br>• Técnicas da expresión corporal: mimo, imitación, escenificación, representación e dramatización; xogos de movemento e circuítos, bailes e danzas.<br>• Feitos e situacións cotiás e fantásticas<br>• Nocións espacio-temporais | • Escenificación de situacións cotiás, persoas coñecidas, personaxes, animais... Traballado<br>• Comunicación de desexos, emocións, necesidades, sentimentos e estado de ánimo a través dos xestos e movementos. Traballado<br>• Participación en xogos corporais, simbólicos, dramáticos, circuítos, bailes e danzas. Traballado<br>• Reprodución corporal de secuencias rítmicas básicas. Traballado |

| 3.Contidos do currículo de Ed. Infantil | | |
|---|---|---|
| **Área**: Linguaxes: Comunicación e Representación<br>**Bloque**: Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e da comunicación. | Conceptos | Procedementos |
| ✓ Identificación da utilidade de diversos instrumentos e tecnoloxías como fontes de información, de comunicación, de expresión, de estratexias de exploración e investigación.<br>✓ Achegamento a producións audiovisuais como películas, series de animación ou videoxogos.<br>✓ Adquisición progresiva da conciencia da necesidade dun uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación.<br>✓ Coñecemento, coidado e uso, na medida das súas posibilidades, das ferramentas tecnolóxicas.<br>✓ Achegamento ao uso do ordenador, á cámara fotográfica… nos procesos creativos para a elaboración de producións audiovisuais como series de animación, presentacións, vídeos..., a través de programas de edición de textos, de gráficos e de sons.<br>✓ Valoración crítica dos contidos e da estética das producións audiovisuais. | • Instrumentos tecnolóxicos: ordenador, cámara, reprodutores de son e imaxe.<br>• Producións audiovisuais: seccións de películas e debuxos animados.<br>• Normas no contacto guiado. | • Aproximación á manipulación guiada de instrumentos tecnolóxicos. Traballado<br>• Lectura de imaxes: denotativa, connotativa e crítica. Traballado, pero necesita afianzarse debido á curta idade do almnado.<br>• Percepción dalgunhas diferenzas básicas entre a realidade e a representación audiovisual. Traballado |

| CRITERIOS AVALIACIÓN DO CURRICULO | 4º NIVEL- 1ª ÁREA |
|---|---|
| ❖ Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes.<br>❖ Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá.<br>❖ Recoñecer os sentidos e identificar percepcións e sensacións.<br><br>❖ Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.<br><br>❖ Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade.<br>❖ Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas.<br>❖ Participar en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas.<br><br>❖ Participar en xogos e actividades colectivas aceptando as normas que os rexen.<br><br>❖ Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas. | 1. Distinguir as partes de seu propio corpo, identificando os seus principais segmentos e elementos. Avaliado<br><br>2. Determinar o papel dos sentidos como medios fundamentais de relación e comunicación co medio social e natural Avaliado,<br><br>3. Mostrar un axuste progresivo do ton e a postura ás características dos obxectos, persoas e situacións cos que se vincule Avaliado<br><br>4. Diferenciar os seus trazos sexuais, distinguindo a súa propia identidade e mostrando actitudes de naturalidade e espontaneidade. Avaliado, pero seguir valorándoo ao longo da Ed. Infantil<br><br>5. Advertir as diferenzas individuais nas características físicas (cor de pelo, de pel, de ollos, estatura), evitando actitudes de rexeitamento. Avaliado, pero seguir valorándoo ao longo da Ed. Infantil<br><br>6. Localizar os órganos dos sentidos e relacionalos coa súa función. Avaliado, pero seguir valorándoo ao longo da Ed. Infantil<br><br>7. Actuar de forma axustada de acordo coas súas posibilidades e limitacións motrices e expresivas. Avaliado, pero seguir valorándoo ao longo da Ed. Infantil<br><br>8. Levar a cabo tarefas rutineiras e de xogo cunha coordinación e control dinámico básicos. Avaliado, pero seguir valorándoo ao longo da Ed. Infantil<br><br>9. Resolver adecuadamente actividades da vida cotiá (alimentación, aseo, vestido) mostrando un progresivo desenvolvemento da coordinación óculo-manual e habilidade motriz. Avaliado, pero seguir valorándoo ao longo da Ed. Infantil<br><br>10. Empregar correctamente algunhas nocións espaciais (arriba, abaixo, diante, detrás, dentro, fóra, a un lado, a outro) e temporais esenciais (antes, despois, mañá, tarde, noite) necesarias para orientarse no medio. . Avaliado, pero seguir valorándoo ao longo da Ed. Infantil |

| CRITERIOS AVALIACIÓN DO CURRICULO | 4º NIVEL- 1ª ÁREA |
|---|---|
| ❖ Manifestar hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.<br>❖ Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas. | 11. Identificar determinadas emocións e sentimentos básicos asociándoos a situacións puntuais. Avaliado, pero seguir valorándoo ao longo da Ed. Infantil<br><br>12. Identificar determinadas emocións e sentimentos básicos asociándoos a situacións puntuais. Avaliado, pero seguir valorándoo ao longo da Ed. Infantil<br><br>13. Recoñecer certas demandas, necesidades e sentimentos nos que o rodean. Avaliado, pero seguir valorándoo ao longo da Ed. Infantil<br><br>14. Citar normas básicas para a convivencia nos grupos sociais dos que forma parte (respectar, compartir) manifestando respecto por elas. Avaliado, pero seguir valorándoo ao longo da Ed. Infantil.<br><br>15. Solicitar adecuadamente axuda dos adultos en situacións de dificultade ou enfermidade. Avaliado, pero seguir valorándoo ao longo da Ed. Infantil<br><br>16. Sinalar as normas básicas de hixiene e saúde cumprindo basicamente as relativas á alimentación, descanso, aseo e vestido. Avaliado, pero seguir valorándoo ao longo da Ed. Infantil<br><br>17. Cumprir de forma elemental o desenvolvemento de hábitos. Avaliado<br><br>18. Seguir instrucións sinxelas relacionadas cos contidos da área Avaliado<br><br>19. Resolver algúns conflitos e sinxelos problemas da vida cotiá, de forma cada vez máis autónoma, solicitando progresivamente menos a intervención do adulto. Avaliado,<br><br>20. Expresar mensaxes sinxelas relacionadas cos contidos da área. Avaliado, |

| CRITERIOS AVALIACIÓN DO CURRICULO | 4º NIVEL-2ª ÁREA |
|---|---|
| ❖ Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e calidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións segundo distintos criterios.<br>❖ Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual.<br>❖ Propoñer e resolver problemas sinxelos relacionados con situacións cotiás, empregando e comparando magnitudes de peso, lonxitude e capacidade.<br>❖ Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos: liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas, cubos e prismas.<br>❖ Describir e representar dun xeito elemental a situación das propias nenas e nenos en relación a obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico elemental.<br>❖ Usar e comprender nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa vida.<br>❖ Dar mostras de interesarse polo medio natural e os seus cambios. Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes, establecendo relacións sinxelas de interdependencia. Manifestar actitudes de coidado e de respecto cara á natureza e participar en actividades para conservala.<br>❖ Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do contorno do alumnado e algunhas características da súa organización.<br>❖ Recoñecer, identificar e poñer exemplos sinxelos dalgúns servizos comunitarios.<br>❖ Recoñecer algunhas manifestacións culturais próximas e doutras realidades, valorando a súa diversidade e riqueza. | 1. Citar algúns dos grupos sociais aos que pertence. Avaliado, pero seguir valorándoo ao longo da Ed. Infantil<br>2. Enumerar algúns dos membros máis destacados dos grupos sociais aos que pertence. Avaliado<br>3. Recoñecer as relacións básicas que mantén cos máis próximos (familiares, de amizade, de compañeirismo, de veciñanza...). Avaliado<br>4. Cumprir as normas e pautas básicas de comportamento na escola e na casa. Avaliado<br>5. Diferenciar entre comportamentos correctos e incorrectos, adecuados e inadecuados segundo diversas circunstancias familiares e escolares. Avaliado<br>6. Discriminar as nocións e termos básicos de orientación no espazo e no tempo. Avaliado<br>7. Indicar algúns dos cambios concretos que o home provoca no medio. Avaliado, pero seguir valorándoo ao longo da Ed. Infantil<br>8. Enumerar algunha das funcións esenciais dos obxectos habituais no seu medio familiar e escolar. Avaliado<br>9. Utilizar os obxectos cotiáns cunha adecuada precisión e coordinación motriz. Avaliado<br>10. Nomear trazos significativos dalgúns seres vivos (animais, plantas, persoas), Avaliado, pero debe seguir vslorándose ao longo da Eb. Infantil<br>11. Enumerar algunhas propiedades básicas dos obxectos (forma, cor, tamaño, sabor…). Avaliado, pero debe seguir vslorándose ao longo da Eb. Infantil.<br>12. Realizar, a través de actividades lúdicas, agrupacións e clasificacións elementais. Avaliado, pero debe seguir vslorándose ao longo da Eb. Infantil<br>13. Manter ordenado e limpo o medio no que desenvolve as súas actividades. Avaliado<br>14. Actuar de forma que se manifeste a comprensión de mensaxes relacionadas cos contidos da área. Avaliado<br>15. Expresar, oralmente e de forma sinxela, mensaxes relacionadas cos contidos da área. Avaliado |

| CRITERIOS DO CURRICULO | 4º NIVEL- 3ª ÁREA |
|---|---|
| ❖ Utilizar a lingua oral do modo máis convenientepara unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.<br>❖ Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.<br>❖ Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaje dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.<br>❖ Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades. Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula desenvolvidas por persoas lectoras e escritoras competentes.<br>❖ Producir diferentes textos individualmente ou en grupo -con escritura convencional ou non-, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo...<br>❖ Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...<br>❖ Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de entretemento e gozo.<br>❖ Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.<br>❖ Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas.<br>❖ Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación. | 1. Empregar, de xeito elemental, formas socialmente establecidas para iniciar, manter e finalizar unha conversa. Avaliado<br>2. Utilizar recursos extralingüísticos básicos para facilitar a outros a comprensión das súas mensaxes orais. Avaliado<br>3. Empregar adecuadamente expresións orais sinxelas para manifestar os seus desexos e necesidades. Avaliado, pero hai alumnado con dificultades de linguaxe<br>4. Recrear algúns textos básicos de literatura infantil (relatos, fábulas, poesías). Avaliado, pero debe seguir alorándose ao longo da Ed. Infantil.<br>5. Ordenar temporalmente accións habituais, ou de contos moi ligados á súa experiencia. Avaliado, pero debe seguir alorándose ao longo da Ed. Infantil.<br>6. Construír frases sinxelas cun vocabulario adecuado en situacións de comunicación oral. Avaliado, pero debe seguir alorándose ao longo da Ed. Infantil.<br>7. Escoitar narracións de literatura infantil atendendo á idea básica que transmiten os textos lidos por un adulto. Avaliado<br>8. Realizar elaboracións plásticas con colorido, distintos materiais, e con variedade de técnicas, riqueza de detalles, variedade de colorido, creatividade e espontaneidade. Avaliado<br>9. Identificar sons característicos do medio natural, social e cultural próximo. Avaliado<br>10. Participar en cantos colectivos, intentando axustar o ton e o ritmo. Avaliado, pero debe seguir alorándose ao longo da Ed. Infantil.<br>11. Explorar e utilizar os diversos recursos interpretativos ao seu alcance. Avaliado<br>12. Recoñecer a utilidade dos medios de comunicación e as tecnoloxías da información e a comunicación. Avaliado, pero debe seguir alorándose ao longo da Ed. Infantil.<br>13. Identificar algunhas obras artísticas propias do seu medio cultural. Avaliado, pero debe seguir alorándose ao longo da Ed. Infantil. |

| 4 .- Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos: Análise das expresións: plásticas, orais, escritas... |
| | Instrumentos: Os oficiais. |

A avaliación en Ed. Infantil baséase, sobre todo, na observación directa, ademais de ser continua e globalizadora. Debido ás circunstancias actuais, a avaliación debe ser flexible e adaptarse ás circunstancias do momento e do alumnado.

Debe permitirnnos valorar os progresos individuais de cada alumno/a. Debido a que as clases non son presencias, neste tempo de alarma. A terceira avaliación centrarémonos nos traballos, fotos e vídeos que nos aportan as familias por correo. Sendo necesario, despois en setembro realizar unha avaliación inicial para saber de onde partimos e reforzar os coñecementos que non se puideron dar ou afianzar.

A avaliación nestas circunstancias é difícil de levar acabo, segundo establece a normativa. Polo que todo o alumnado de 4º de Infantil promocionará para o seguinte nivel.

| **5.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)** | |
|---|---|
| **Actividades** | Propoñemos actividades lúdicas, de experimentación, de manipulación e de movemento, para vivenciar os coñecementos, utilizando a maior parte dos sentidos e favorecer a aprendizaxe kinestésica. Tamén actividades para mellorar e enriquecer a linguaxe oral e a expresión oral. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Ao alumnado sen medios tecnolóxicos facilitámoslle o material impreso, a través do reparto ás vivendas por parte do concello de Poio. E tamén ten acceso a través da web do cole, correo facilitado polas familias, a través da plataforma classroom, ademais do Abalarmóbil. |
| **Materiais e recursos** | Físicos e tecnolóxicos, ademais dos persoais aportados polas familias e o centro educativo. |

A METODOLOXÍA, neste terceiro trimestre é diferente e intentamos que as tarefas ou actividades que se propoñen (semanal, quincenal e mensual) sexan doadas e con claros exemplos para que as familias as poidan levar a cabo, mantendo a dinámica do xogo, a aprendizaxe autónoma e de investigación, ademais da creatividade. Polo que realizamos fichas explicativas, dámos instrucións o máis concisas posibles, incluso con vídeos de youtube ou propios para que se poidan realizar. Tamén se mandan actividades dinámicas debido á curta idade do alumnado. E non descoidando outros aspectos como: psicomotor, para favorecer a prensión e o agarre do lapis; linguaxe facilitando praxias. Tamén, creamos pequenos proxectos, para incorporar ao alumnado de Ed. Infantil no apartado de Galería onde o alumnado envía os debuxos segundo a temática da galería, estes pequenos proxectos centran o tema e son voluntarios.

E axudando ás familias en todo o posible e eliminar as dificultades que se presenten e mantendo o contacto, dentro do posible e de cada circunstancia persoal.

Convén mencionar que a participación nas actividades que recomendamos facer, non é equitativa (aínda que intentamos facilitarlles o material de traballo a través de diversos medios), xa que existen familias que participan moi activamente, outras compren co mínimo e outras nas que a participación é escasa ou case inexistente. Polo que a avaliación deste alumnado vai ser moi difícil.

Páxina web do centro:
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisidorariestra/
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisidorariestra/?q=node/204 , onde está colgado o material de Infantil durante este tempo extraordinario.

| 6.- Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Facemos uso da aplicación Abalar móbil, correos electrónicos facilitados polas familias, a páxina web do centro, e a aplicación classroom, ademais de facilitar o material ás familias sen acceso á tecnoloxía- |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. No Facebook do centro |